



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



Escola  
Oficial  
de  
Idiomas


## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2023-2024

DEPARTAMENTO DE ESPAÑOL PARA ESTRANXEIROS

# BÁSICO A2

## INTENSIVO



## INDICE

<b>1. Definición de nivel A2.....</b>	<b>2</b>
<b>2. Obxectivos xerais.....</b>	<b>2</b>
2.1. Comprensión de textos orais.....	2
2.2. Comprensión de textos escritos.....	2
2.3. Expresión e interacción oral.....	2
2.4. Expresión e interacción escrita.....	2
<b>3. Obxectivos específicos e criterios de avaliación.....</b>	<b>3</b>
3.1. Comprensión de textos orais.....	3
3.2. Comprensión de textos escritos.....	3
3.3. Producción e coproducción de textos orais.....	3
3.4. Producción e coproducción de textos escritos.....	4
3.5. Mediación oral e escrita.....	4
<b>4. Contidos. Secuenciación e temporalización.....</b>	<b>5</b>
<b>5. Recursos didácticos.....</b>	<b>19</b>
<b>6. Ensino semipresencial e en liña.....</b>	<b>20</b>
<b>6.1. Metodoloxía e actividades durante a docencia semipresencial e non presencial.....</b>	<b>20</b>
6.2. Información, publicidade e detección de situacións de vulnerabilidade.....	21
<b>7. Metodoloxía e avaliación (Ver documento “Partes comúns” na web).....</b>	<b>22</b>

## 1. Definición de nivel A2

De acordo co R. D. 1629/2006 e a Lei Orgánica de Educación, a programación para o nivel básico 2 (BA 2) ten como referencia o nivel A2 (nivel plataforma) do Consello de Europa. Este nivel está definido no Marco Común europeo de referencia para as linguas (MCER) e especifica que o alumno que ten superado A2 (usuario básico)

*“É capaz de comprender frases e expresións de uso frecuente, relacionadas con áreas de experiencia que lle son especialmente relevantes (información básica sobre si mesmo e a súa familia, compras, lugares de interese, ocupacións, etc.)*

*Sabe comunicarse á hora de levar a cabo tarefas simples e cotiás que non requiran mais que intercambios sinxelos e directos de información sobre cuestións que lle son coñecidas e habituais. Sabe describir en termos sinxelos aspectos do seu pasado e o seu contorno, así como cuestións relacionadas coas súas necesidades inmediatas.”*

Segundo se establece no decreto que regula este tipo de ensino, o nivel básico:

“Ten a finalidade de capacitar, fóra das etapas ordinarias do sistema educativo, para utilizar o idioma oralmente e por escrito de maneira eficaz e apropiada en actividades comunicativas sinxelas e habituais, relativas a necesidades inmediatas, e que requiran comprender e producir textos breves nun rexistro neutro que conteñan expresións e estruturas básicas e termos sinxelos. Este nivel de uso do idioma permitirá igualmente actuar en situacións sinxelas de comunicación como intermediario entre falantes de distintas linguas que non poidan comprenderse de forma directa”

## 2. Obxectivos xerais

### 2.1. Comprensión de textos orais

Comprender o sentido xeral, a información esencial e os puntos principais de textos breves, referidos a asuntos da vida cotiá, ben estruturados, articulados a unha velocidade lenta e con claridade, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, nunha variedade de lingua estándar, e sempre que as condicións acústicas sexan boas e a mensaxe non estea distorsionada.

### 2.2. Comprensión de textos escritos

Comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles relevantes en textos breves referidos a asuntos da vida cotiá, de estrutura sinxela e clara, nunha variedade de lingua estándar.

### 2.3. Expresión e interacción oral

Producir textos orais breves, referidos a asuntos da vida cotiá, tanto en comunicación cara a cara como por teléfono ou outros medios técnicos, e comunicarse de forma comprensible, aínda que resulten evidentes o acento estranxeiro, as pausas e titubeos, e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación dos interlocutores para manter a comunicación.

### 2.4. Expresión e interacción escrita

Escribir textos breves e de estrutura sinxela, referidos a asuntos da vida cotiá, nos que se pide ou transmite información, utilizando axeitadamente os recursos de cohesión e as convencións

ortográficas e de puntuación máis elementais.

### 3. Obxectivos específicos e criterios de avaliación

#### 3.1. Comprensión de textos orais

**Comprende** o esencial en situacións nas que se utilicen frases moi sinxelas sobre temas moi frecuentes que se refiren ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude e claridade.

**Sigue** un texto moi breve articulado con claridade, con xeito e con pausas, no que se utilicen expresións moi sinxelas e habituais referidas a temas moi coñecidos ou a necesidades inmediatas.

**Comprende** instrucións moi básicas pronunciadas lenta e claramente e seguir indicacións sinxelas e breves.

**Comprende** a información esencial de pasaxes curtas gravadas que traten sobre asuntos cotiáns, que estean pronunciadas con lentitude e claridade e que contén con apoio visual ou anticipación do tema.

**Comprende** frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que se estea moi familiarizado/a, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.

**Comprende** o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre temas cotiáns, e identificar un cambio de tema.

**Comprende** o significado global e as informacións relevantes de mensaxes gravadas sinxelas que relaten experiencias persoais e predicibles, articuladas lentamente e nunha linguaxe estándar.

**Comprende** a información esencial en exposicións e presentacións públicas breves e sinxelas, referidas a temas habituais e coñecidos.

**Comprende** o sentido xeral e a información esencial predicible de textos audiovisuais sinxelos, cando exista o apoio de imaxes moi redundantes.

#### 3.2. Comprensión de textos escritos

**Comprende** o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos breves e sinxelos, en lingua estándar, e relacionados con temas da súa experiencia, especialmente se contan con apoio visual.

**Comprende** tipos básicos de correspondencia sobre temas cotiáns.

**Comprende** as instrucións básicas de aparellos de uso moi frecuente.

**Comprende** textos instrutivos, descritivos e narrativos sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar.

**Utiliza** estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.

#### 3.3. Produción e coprodución de textos orais

**Establece** contactos sociais moi breves, de estrutura moi sinxela, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía.

**Preséntase** e intercambia información básica e sinxela sobre si mesmo/a, e expresar gustos e intereses sobre temas moi cotiáns.

**Participa** en conversas moi básicas sobre temas predicibles, facendo invitacións e propostas e reaccionando adecuadamente ante elas, e expresar sentimentos e opinións de forma básica.

**Interactúa** para obter ou ofrecer bens e servizos ligados a necesidades inmediatas, sempre que se fale amodo e con estruturas moi sinxelas e habituais, e reaccionar adecuadamente.

**Desenvólvese** nas relacións sociais habituais de xeito sinxelo pero eficaz, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía, utilizando expresións básicas moi habituais adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras.

**Desenvólvese** en actividades habituais e transaccións e xestións cotiás, sinxelas, propias de situacións e temas coñecidos, facéndose entender ofrecendo ou solicitando información básica.

**Describe** nun monólogo, de forma breve e sinxela, accións, persoas, lugares e obxectos, respondendo a preguntas breves e sinxelas dos/as oíntes, se llas repiten e se lle axudan coas respostas.

**Expón** plans e formular hipóteses, de forma breve e sinxela, en conversas informais relacionadas con asuntos cotiás, e expresar de forma breve a opinión, as crenzas ou as suxestións sobre un tema coñecido.

**Solicita** a colaboración da persoa interlocutora e utilizar estratexias para asegurar a comunicación.

### 3.4. Producción e coprodución de textos escritos

**Completa** documentos básicos nos que se solicite información persoal.

**Toma notas** a partir dunha información moi sinxela e predicible.

**Escribe** mensaxes sinxelas con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.

**Intercambia** correspondencia persoal breve e moi sinxela sobre temas da vida cotiá.

**Utiliza** elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e elaborar estes seguindo textos modelo.

**Intercambia** información concreta e sinxela sobre aspectos cotiás e habituais nos diferentes ámbitos de actividade social.

**Describe** de forma sinxela lugares, obxectos e persoas, e narrar experiencias relacionadas con temas cotiás.

**Intercambia** correspondencia breve e sinxela, sobre temas predicibles relacionados coa experiencia persoal, nun rexistro axeitado á situación de comunicación.

**Utiliza** elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e organizar estes de acordo con textos modelo.

### 3.5. Mediación oral e escrita

**Transmite** oralmente a terceiras persoas información moi simple e predicible relativa a necesidades inmediatas ou aspectos do ámbito persoal contida en textos orais ou escritos, sempre que estes sexan moi breves e de estrutura moi sinxela, e estean articulados con moita lentitude e claridade, e con repeticións.

**Media** en situacións moi cotiás e familiares, nas que se fale moi lenta e claramente, escoitando e transmitíndolle a terceiras persoas información moi simple e predicible, pedindo que se reformule o discurso con palabras máis sinxelas, aínda que teña que usar palabras soltas ou axudarse de elementos non lingüísticos.

**Repite** a información predicible contida en textos orais ou escritos moi breves e sinxelos (letras de cancións ou estribillos, carteis...) coa axuda do dicionario e aínda que poida cometer erros na asignación do significado axeitado a algunha palabra.

**Transmite** oralmente a terceiras persoas información específica e relevante relativa a temas cotiás, necesidades inmediatas ou aspectos do ámbito persoal contida en textos orais ou escritos, sempre que estes sexan breves e de estrutura sinxela, e estean articulados con lentitude e claridade, aínda que necesite consultar algunha palabra.

**Transmite** oralmente a terceiras persoas a información relativa a temas moi habituais contida en gráficos e imaxes moi sinxelas, como mapas meteorolóxicos, aínda que sexan evidentes as pausas, os titubeos e as reformulacións.

**Media** en situacións moi cotiás, nas que o discurso se articule con lentitude e claridade, escoitando e comprendendo, aínda que sexa preciso pedir repeticións ou reformulacións, transmitindo o sentido xeral e a información esencial e dando e pedindo opinión sobre algunhas ideas concretas.

**Resume** brevemente a información máis relevante de textos orais ou escritos moi sinxelos e breves, articulados con lentitude, claramente estruturados e que contén con apoio visual e cun léxico de uso moi frecuente, relativos a temas cotiás ou necesidades inmediatas, sempre que poida axudarse de xestos, imaxes ou expresións doutras linguas e poida cometer erros que non dificulten a comprensión.

**Toma notas** moi breves e sinxelas para terceiras persoas en enunciados ou intervencións moi breves e claramente estruturados, sempre que o tema sexa familiar e se conte coa axuda de distintos recursos (dicionarios, Internet...)

#### 4. Contidos. Secuenciación e temporalización

Estes contidos non están suxeitos a modificacións programáticas (reducción de contidos, etc), xa que ó estar orientados á preparación para os certificados destes niveis comúns a todas as EOI de Galicia, veñen definidos pola lexislación vixente (Decreto 81/2018 polo que se establece o currículo destes niveis para toda Galicia).

Para lograr as aprendizaxes establecidas para este nivel, realízanse actividades da lingua que impliquen procesos para producir e recibir textos relacionados con temas incardinados en ámbitos específicos, poñendo en xogo as estratexias máis axeitadas para levar a cabo as tarefas que se deban realizar.

TÍTULO DA UNIDADE DIDÁCTICA 00: <i>En el aula</i>			
<b>NIVEL</b>	A1 (Básico Integrado)	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	2 sesións de 120 minutos
<b>RECURSOS DIDÁCTICOS</b>	Libro de texto: <i>Aula 1. Nueva edición</i> Fotocopias, audios e vídeos Internet	<b>MODALIDADE DE TRABAJO</b>	Individual e grupos
<b>OBXECTIVOS</b> Tarefa final	Participar nunha presentación grupal e escribir os carteis con preguntas básicas de aula		
<b>CO</b>	Identificar sons do español e a lingua española Comprender saúdos e despedidas en español		
<b>CE</b>	Entender por escrito saúdos e despedidas Comprender diálogos sinxelos de presentación		
<b>PCOM</b>	Entrar en contacto persoal básico cos compañeiros Entrar en contacto coa lingua e a súa aprendizaxe. Producir saúdos e despedidas en español Deletrear		
<b>PCEM</b>	Escribir diálogos sinxelos de presentación		
<b>COMPETENCIAS E CONTIDOS</b>		<b>TEMA: Identificación persoal</b>	
<b>I-Socioculturais e sociolingüísticos</b>	<b>II-Estratéxicos e de mediación</b>	<b>III- Funcionais</b>	<b>IV- Discursivos</b>
Formas de saudarse e despedirse: formal e informal, dar a man, dar dous bicos, unha aperta A proximidade e o contacto físico Variantes sudamericanas	Discriminar por elementos fonéticos e identificar a lingua española entre	Saudar e despedirse Presentarse brevemente Formular preguntas básicas para reparar a comunicación e	Diálogos breves Viñetas Carteis con instrucións básicas da aula

Partes do día Formas de tratamento: <i>tú e usted</i>	outras linguas.	responder ás mesmas Deletrear e comprender deletreo	
<b>V- Fonético-fonolóxico e ortotipográfico</b>	<b>VI-Léxicos</b>	<b>VII- Sintácticos e gramaticais</b>	
Adecuación da entoación para preguntar e responder Práctica dos sons que presentan maior dificultade Recoñecemento e uso das formas ortotipográficas específicas Uso especial de maiúsculas e minúsculas	Os números do 1 ao 10 Verbo <i>llamarse</i> Fórmulas de saúdo e despedida	Presente de indicativo singular, 1º persoa de <i>llamarse e ser</i> Alfabeto	
<b>AVALIACIÓN/MÍNIMOS ESIXIBLES</b>			
Saúda, formula preguntas e despídese adecuadamente. Deletrea e recoñece palabras deletreadas É quen de presentarse, indicando o seu nome Formula preguntas básicas para reparar a comunicación e responde ás mesmas			

<b>TÍTULO DA UNIDADE DIDÁCTICA 01: <i>Nosotros</i></b>			
<b>NIVEL</b>	A1 (Básico Integrado)	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	2 sesións de 120 minutos
<b>RECURSOS DIDÁCTICOS</b>	Libro de texto: <i>Aula 1. Nueva edición</i> Fotocopias, audios e vídeos Internet	<b>MODALIDADE DE TRABAJO</b>	Individual e grupos
<b>OBXECTIVOS</b> <b>Tarefa final</b>	Realizar un cartel con datos persoais dos alumnos da clase.		
<b>CO</b>	Identificar sons do español e a lingua española Comprender a presentación con datos persoais básicos		
<b>CE</b>	Entender por escrito formularios sinxelos Comprender diálogos sinxelos de presentación		
<b>PCOM</b>	Entrar en contacto persoal básico cos compañeiros Mediar e colaborar á hora de facerse entender		
<b>PCEM</b>	Escribir diálogos sinxelos de presentación Cubrir un formulario sinxelo		
<b>COMPETENCIAS E CONTIDOS</b>		<b>TEMA: Identificación persoal</b>	
<b>I-Socioculturais e sociolingüísticos</b>	<b>II-Estratéxicos e de mediación</b>	<b>III- Funcionais</b>	<b>IV- Discursivos</b>
Nomes e apelidos hispanos Sistema de apelidos hispanos (orden e uso): paterno+materno Tratamentos de cortesía	Deducir o significado de palabras por similitude con outras doutras linguas. Activación de coñecementos previos  Asociacións semánticas e afectivas das palabras  Comparación dos sons do español	Dar e pedir datos persoais: nome, idade, nacionalidade, profesión, número de teléfono e correo electrónico	Formulario de datos persoais Tarjetas de presentación Viñetas.

	coas súas linguas maternas.	
<b>V- Fonético-fonolóxico e ortotipográfico</b>	<b>VI-Léxicos</b>	<b>VII-Sintácticos e gramaticais</b>
O abecedario: correspondencia entre algúns sonidos e letras: /k/ → “c + a, o, u”, “qu + e, i”; /θ/ → “z + a, o, u”, “c + e, i”; /x/ → “j + a, e, i, o, u”, “g + e, i”; /g/ → “g + a, o, u”; “gu + e, i”.	O xénero; verbos <i>ser, tener</i> e <i>llamarse</i> As tres conxugacións: -ar, -er, -ir Países e nacionalidades Profesións e lugares de traballo Aficións Números do 1 ao 100	Concordancia de xénero e número de sustantivos e adxetivos Presente de 1º e 2º persoa singular do verbo <i>ser</i> Pronomes interrogativos <i>de dónde, cómo, cuántos, qué</i> Presente de indicativo singular, 1º e 2º persoa: <i>trabajar, estudiar, hacer, dedicarse, vivir</i> (sólo 2º pers.) Preposición <i>en</i> Concordancia sustantivo e artigo indeterminado <i>un/a</i>

### AVALIACIÓN/MÍNIMOS ESIXIBLES

Preséntase indicando o seu nome, nacionalidade, profesión, idade, aficións, teléfono e correo electrónico  
Pregunta sobre palabras (como se escriben, que significan...)  
Pregunta e expresa coñecemento ou descoñecemento sobre o significado de palabras  
Repite ou solicita repetición ou aclaración  
Deletrea e solicita que se deletree algo  
Pide a alguén que fale máis despacio ou máis alto.

<b>TÍTULO DA UNIDADE DIDÁCTICA 02: <i>Tus amigos son mis amigos</i></b>			
<b>NIVEL</b>	A1	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	2 sesións de 120 minutos
<b>RECURSOS DIDÁCTICOS</b>	Libro de texto: <i>Aula 1. Nueva edición</i> Fotocopias, audios e vídeos Internet	<b>MODALIDADE DE TRABALLO</b>	Individual e grupos
<b>OBXECTIVOS</b> <b>Tarefa final</b>	Presentar e describir a unha persoa para elixir invitados para a clase entre os familiares e amigos dos compañeiros do grupo.		
<b>CO</b>	Entender textos de descrición persoal (física e carácter) Entender mini-textos con descrición de familias		
<b>CE</b>	Entender textos de intercambio que conteñen información sobre gustos e aficións Comprender mini-entrevistas sobre gustos musicais		
<b>PCOM</b>	Presentar e describir a unha persoa. Presentar e describir á propia familia e a unha familia doutra persoa		
<b>PCEM</b>	Escribir textos de intercambio con información sobre gustos e aficións Completar unha arbore xenealóxica		
<b>COMPETENCIAS E CONTIDOS</b>		<b>TEMA: Relacións humanas e sociais</b>	
<b>I-Socioculturais e sociolingüísticos</b>	<b>II-Estratéxicos e de mediación</b>	<b>III- Funcionais</b>	<b>IV- Discursivos</b>
Modelos de familia Perfiles de persoaxes coñecidas do mundo hispano.	Reflexión sobre diferentes estratexias de aprendizaxe empregadas polos alumnos e as actividades de clase	Falar do aspecto e do carácter Expresar gustos e intereses Preguntar sobre gustos Contrastar gustos	Entrevistas en revistas Textos informativos sobre festivais de musicais.



		Falar de relacións persoais
<b>V- Fonético-fonolóxico e ortotipográfico</b>	<b>VI-Léxicos</b>	<b>VII-Sintácticos e gramaticais</b>
Entoación: interesarse por persoas e reaccionar ante unha información con expresión de interés, sorpresa, alegría ou pena.	Posesivos Parentescos: a familia Diferencia entre <i>es</i> e <i>parece</i> Adxetivos de carácter	Verbo <i>gustar</i> ; <i>a mí también</i> , <i>a mí tampoco</i> ;
<b>AVALIACIÓN/MÍNIMOS ESIXIBLES</b>		
Presenta e describe (físico+carácter) a unha persoa do seu entorno Fala sobre a súa familia Entende e é quen de expresar gustos musicais propios e doutras persoas Contrasta gustos		

<b>TÍTULO DA UNIDADE DIDÁCTICA 03: <i>Quiero aprender español</i></b>			
<b>NIVEL</b>	A1 (Básico Integrado)	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	2 sesións de 120 minutos
<b>RECURSOS DIDÁCTICOS</b>	Libro de texto: <i>Aula 1. Nueva edición</i> Fotocopias, audios e vídeos Internet	<b>MODALIDADE DE TRABAJO</b>	Individual e grupos
<b>OBXECTIVOS</b> <b>Tarefa final</b>	Realizar un mural que recolla os obxetivos individuais e de grupo para o curso.		
<b>CO</b>	Comprender a expresión de intencións Comprender a expresión de intereses Entender a descrición dos motivos do que facemos.		
<b>CE</b>	Entender anuncios en taboleiros Comprender diálogos sinxelos de chat telefónico		
<b>PCOM</b>	Expresar intencións Expresar intereses Explicar os motivos do que facemos. Falar do que sabemos facer		
<b>PCEM</b>	Escribir anuncios en taboleiros Escribir intereses e motivos para facer algo Escribir diálogos sinxelos de chat telefónico		
<b>COMPETENCIAS E CONTIDOS</b>		<b>TEMA: Lingua e comunicación</b>	
<b>I-Socioculturais e sociolingüísticos</b>	<b>II-Estratéxicos e de mediación</b>	<b>III- Funcionais</b>	<b>IV- Discursivos</b>
Breve referencia a variedades lingüísticas en España	Apoio gráfico e do contexto para deducir significados Uso das hipótesis para prever	Expresar intencións Expresar intereses	Portafolio Anuncios breves Formulario sinxelo

Difusión da lingua española no mundo Aspectos interesantes dos países hispanofalantes Coñecer persoaxes famosos da cultura hispana.	significados Reflexión sobre o seu proceso de aprendizaxe: punto de partida e obxetivos Reforzo da autoaprendizaxe: uso de dicionarios. Reforzo da aprendizaxe colaborativa: traballo en parellas e grupos. Toma de conciencia do propio proceso de aprendizaxe: .	Explicar os motivos do que facemos.	Testimonios de alumnos Breve chat telefónico
<b>V- Fonético-fonolóxico e ortotipográfico</b>	<b>VI-Léxicos</b>	<b>VII-Sintácticos e gramaticais</b>	
Recoñecemento e separación de sílabas.	Verbo <i>querer</i> ; verbo <i>interesarse</i> Días da semana Intereses e aficións Linguas Actividades de aprendizaxe	Presente de Indicativo: verbos regulares terminados en <i>-ar, -er, -ir</i> ; Pronomes persoais suxeito O artigo determinado Algúns usos das preposicións <i>a, con, de, por</i> y <i>para</i>	
<b>AVALIACIÓN/MÍNIMOS ESIXIBLES</b>			
Expresa intencións Entende a expresión de intencións doutras persoas Expresa intereses Comprende a expresión de intereses doutras falantes Explica os motivos do que facemos. Comprende as explicacións dos motivos polo que facemos cousas			

## TÍTULO DA UNIDADE DIDÁCTICA 04: ¿Dónde está Santiago?

<b>NIVEL</b>	A1 (Básico Integrado)	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	2 sesións de 120 minutos
<b>RECURSOS DIDÁCTICOS</b>	Libro de texto: <i>Aula 1. Nueva edición</i> Fotocopias, audios e vídeos Internet	<b>MODALIDADE DE TRABAJO</b>	Individual e grupos
<b>OBXECTIVOS Tarefa final</b>	1. organizar un concurso sobre o mundo hispano e 2. preparar e levar a cabo unha pequena presentación dos seus respectivos países.		
<b>CO</b>	Comprender un concurso sobre datos xeográficos Entender unha exposición breve sobre lugares e países		
<b>CE</b>	Entender unha entrada breve e sinxela nun blog sobre viaxes Comprender entradas curtas enciclopédicas sobre lugares e países		
<b>PCOM</b>	Describir un país dun xeito sinxelo Expresar existencia Falar de ubicación Falar do clima		
<b>PCEM</b>	Cubrir unha ficha con datos sobre países Redactar un texto descriptivo breve sobre os seus países		

### COMPETENCIAS CONTIDAS

TEMA: Países e cidades; clima e condicións atmosféricas

I-Socioculturais e sociolingüísticos	II-Estratéxicos e de mediación	III- Funcionais	IV- Discursivos
Variedade xeográfica, climática e cultural de algúns países hispanofalantes.  Diferencias entre rexións de España	Reutilización do vocabulario de unidades anteriores Distinguir información relevante en textos Deducción do uso da lingua mediante a observación e a formulación de hipótesis Reflexión sobre a súa actitude en clase.	Describir lugares e países Expresar existencia Falar de ubicación Falar do clima	Entrada enciclopédica Folleto concurso comercial Correo electrónico Chat
V- Fonético-fonolóxico e ortotipográfico	VI-Léxicos	VII-Sintácticos e gramaticais	
Entoación: diferencias entre preguntas e afirmacións. A tilde nos interrogativos: <i>qué/ cuál/ cuáles/ cuántos/ cuántas/ dónde/cómo</i>	Verbo <i>estar</i> Accidentes xeográficos Clima e fenómenos metereolóxicos Produtos e pratos típicos Estaciones do ano Números de máis dun millón/es	Algúns usos de <i>hay</i> Oracións impersoais con verbos sobre fenómenos metereolóxicos Concordancias; superlativo; artigo indeterminado: <i>un/una/unos/unas</i> Cuantificadores: <i>mucho /mucha/muchos/muchas</i> Interrogativos: <i>qué/ cuál/ cuáles/ cuántos/ cuántas/ dónde/cómo</i>	

### AVALIACIÓN/MÍNIMOS ESIXIBLES

Entende oralmente e por escrito a descripción de lugares, países, a súa ubicación, o clima e as condicións metereolóxicas.  
Describe lugares e países  
Expresa existencia  
Fala de ubicación  
Describe o clima

<b>TÍTULO DA UNIDADE DIDÁCTICA 05: ¿Cuál prefieres?</b>			
<b>NIVEL</b>	A1 (Básico Integrado)	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	2 sesións de 120 minutos
<b>RECURSOS DIDÁCTICOS</b>	Libro de texto: <i>Aula 1. Nueva edición</i> Fotocopias, audios e vídeos Internet	<b>MODALIDADE DE TRABAJO</b>	Individual e grupos
<b>OBXECTIVOS</b> Tarefa final	Organizar un mercadillo ou simular unha situación nuns grandes almacéns.		
<b>CO</b>	Entender un diálogo nunha tenda Comprender unha descrición da roupa que leva unha persoa		
<b>CE</b>	Comprender a información contida nas etiquetas Ler e comprender as ideas principais dun artigo informativo cronolóxico Entender o contido de folletos con ofertas		
<b>PCOM</b>	Desenvolverse oralmente nunha tenda: preguntar por produtos, pedir precios, expresar preferencias e pagar Mediar para facerse entender diante dun dependente dunha tenda		
<b>PEM</b>	Describir por escrito qué leva posto unha persoa Cubrir un diálogo nunha tenda		
<b>COMPETENCIAS E CONTIDOS</b>		<b>TEMA: Compras, bens e servicios</b>	
<b>I-Socioculturais e sociolingüísticos</b>	<b>II-Estratéxicos</b>	<b>III- Funcionais</b>	<b>IV- Discursivos</b>
Empresas textiles españolas Prendas tradicionais dalgúns países de fala hispana.	Análisis de erros Diferenciar e avaliar diferentes tipos de erros	Decidir e conseguir as cousas necesarias para pasar un fin de semana fóra. Identificar obxetos Expresar necesidade Desenvolverse nunha tenda: preguntar por produtos, pedir precios, expresar preferencias e pagar	Etiquetas Artigo informativo cronolóxico Folletos con ofertas
<b>V- Fonético-fonolóxico e ortotipográfico</b>	<b>VI-Léxicos</b>	<b>VII-Sintácticos e gramaticais</b>	
O acento a través da rima Entoación: diferencias según o estado de ánimo. Uso da tilde en preguntas directas e indirectas con <i>qué, cuál/cuáles</i>	<i>Tener que</i> + infinitivo; Verbos <i>ir</i> e <i>preferir</i> prendas de vestir; cores; obxetos de uso cotidián; números a partir do 100	Demostrativos: <i>este/esta/estos/estas/esto</i> <i>El/la/los/las</i> + adxetivo <i>Qué</i> + sustantivo; <i>cuál/cuáles</i> Repaso de verbos da terceira conxugación (irregulares e regulares)	
<b>AVALIACIÓN/MÍNIMOS ESIXIBLES</b>			
Decide e consegue as cousas necesarias para pasar un fin de semana fóra. Identifica obxetos describindo a súa aparencia Expresa necesidade Desenvólvese nunha tenda: comprende e pregunta por produtos, pide precios, expresa preferencias e paga			

<b>TÍTULO DA UNIDADE DIDÁCTICA 06: <i>Día a día</i></b>			
<b>NIVEL</b>	A1	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	2 sesións de 120 minutos.
<b>RECURSOS DIDÁCTICOS</b>	Libro de texto: <i>Aula 1. Nueva edición</i> Fotocopias, audios e vídeos Internet	<b>MODALIDADE DE TRABALLO</b>	Individual e grupos
<b>OBXECTIVOS Tarefa final</b>	Decidir e otorgar unha serie de premios ós compañeiros según os seus hábitos diarios		
